



ESTATUTOS DA ASOCIACION AS.PA.NE.MI

CAPITULO PRIMEIRO

DENOMINACIÓN, FINES DOMICILIO Y AMBITO

Artigo 1. Co nome de "Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía" (AS.PA.NE.MI.), constitúese unha asociación o amparo da Ley Orgánica 1/2002, de 22 de Marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta Asociación constitúese por un tempo indefinido.

Artigo 3. A existencia de esta Asociación ten como fin conseguir a integración dos nenos/as e mozos/as con minusvalías en igualdade de dereitos. Para iso, utilizaranse cantos medios se estimen necesarios, asustándose sempre a lexislación vixente amparándose na Constitución Española.

Artigo 4. Para a consecución do fin, que inclúe a recuperación, educación e integración dos nenos/as e mozos/as con minusvalía, a Asociación atenderá as seguintes actividades:

I.- Impulsa-la creación de toda clase de centros destinados a diagnóstico, orientación terapéutica, rehabilitación e integración social dos afectados, co debido asesoramento de especialistas na materia.

II.- Promove-la realización de cursos de formación profesional, aprendizaxe de oficios, talleres escola e calquera outro tipo de iniciativas semellantes dirixidas a inserción das persoas con minusvalías no mundo laboral, en función da demanda existente en cada sector. A Asociación promoverá diante dos poderes públicos a creación da Formación Profesional Adaptada.

III.- Facilitar orientacións, normas e consellos sobre a educación e a convivencia social para o uso directo de pais e nais e tutores/as encargados do cuidado dos nenos/as e mozos/as afectados por minusvalías, así como contribuir á divulgación dos problemas que suscitan e as súas posibles solucións.

IV.- Informar a opinión pública, e á sociedade en xeral, das necesidades, problemas e iniciativas relacionadas coa integración dos nenos/as e mozos/as con minusvalías.

V.- Exercita-las accións legais necesarias para a defensa, individual ou colectiva, dos dereitos recoñecidos ás persoas con minusvalías.





VI.- Exercitar, diante das distintas Administracións Públicas, o seu dereito a informar, escoitar e ser escoitada, especialmente na elaboración de disposicións que afecten o colectivo dos nenos/as e mozos/as con minusvalías.

VII.- Exercita-lo noso dereito a obter a información médica veraz dos nosos nenos e nenas dende o momento do nacemento.

VIII.- Calquera outra actuación que, dentro da legalidade, poida contribuir a mellora-la intergración dos nenos/as e mozos/as con minusvalías.

Artigo 5. A Asociación establece o seu domicilio social na R/ Mendizábal esquina R/ Colón, bloque 4, Portal 5, baixos 39-40, C.P. 15.403, Ferrol, A Coruña, e o seu ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades e todo o territorio da provincia da Coruña.

CAPITULO SEGUNDO

ORGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 6. A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: un Presidente, un Secretario, un Tesoureiro, e un Vocal. Tódolos cargos que compoñen a Xunta directiva serán gratuitos. Estes serán designados e revocados pola Asamblea Xeral e o seu mandato terá unha duración de dous anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente. A renovación de cargos farase por metades: no primeiro turno renovaranse os cargos de Vicepresidente, tesoureiro e tres Vocais; no segundo turno, ó ano seguinte, o do Presidente, Secretario e os outros tres Vocais. Polo tanto, o primeiro mandato dos cargos reeleixidos no segundo turno durará un ano máis.

Artigo 7. Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e pola expiración do seu mandato.

Artigo 8. Os membros da Xunta Directiva que agotaran o prazo para o cal foron eleixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúan.

Artigo 9. A Xunta Directiva reunirse tantas veces o determine o seu Presidente e pola iniciativa ou petición de dous dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados pola maioría dos votos. En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade.

Artigo 10. Facultades da Xunta Directiva: as facultades da Xunta Directiva extenderanse, con carácter xeral a tódolos actos propios das finalidades da Asociación, sempre que o requiran, según estes Estatutos, autorización expresa da Asamblea Xeral.



Son facultades de la Xunta directiva:

I.- Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.

II.- Executa-los acordos da Asamblea Xeral.

III.- Formular e someter á aprobación da Asamblea Xeral os Balances e as Contas anuais.

IV.- Resolver sobre a admisión de novos Asociados/as.

V.- Nombrar delegados para algunha determinada actividade da Asociación.

VI.- Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asamblea Xeral de socio.

Artigo 11. O presidente terá as seguintes atribucións: representar legalmente á Asociación ante toda clase de Organismos públicos ou privados; convocar presidir e levantar as sesións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra ; ordenar pagos e autorizar coa sua firma os documentos, actas e correspondencia, adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenrolo das súas actividades resulte necesaria ou convinte, sen prexucio de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 12. O secretario terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación sobre designacións de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles ós Rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 13. O Tesoureiro recaudará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expedirá o Presidente.

Artigo 14.-Os vocais terán as obligas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, e así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Artigo 15. As vacantes que se poderan producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre ditos membros ata a elección definitiva pola Asamblea Xeral.



CAPITULO TERCEIRO

A ASAMBLEA XERAL



Artigo 16. A Asamblea Xeral e o Órgano Supremo de Goberno da Asociación e estará integrada por tódolos asociados e asociadas.

Artigo 17. As reunións da Asamblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria cebrarase unha vez ó ano dentro dos catro meses seguintes ó cierre do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuício do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando llo propoña por escrito unha décima parte dos asociados/as.

Artigo 18. As convocatorias das Assembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orden do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asamblea en primeira convocatoria haberá de mediar o menos quince días, podendo así mesmo facerse constar, se procedera, a data e hora na que se reunirá a Asamblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha hora.

Artigo 19. As Assembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concurren a ela un tercio dos asociados/as con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados/as con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen ós negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en blanco, nin as abstencións. Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- I.- Acordo de remuneración dos membros do órgano de representación.
- II.- Acordo para constituir unha Federación de asociados ou integrarse nelas.
- III.- Disposición ou enaxenación de bens integrantes do inmovilizado.
- IV.- Modificación dos estatutos.
- V.- Disolución da entidade.

Artigo 20. Son facultades da Asamblea Xeral Ordinaria:

- I.- Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- II.- Examinar e aprobar as Contas anuais.



III.- Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde as actividades da Asociación.

IV.- Fixar as cuotas ordinarias e extraordinarias.

V.- Nomeamento dos membros do órgano de representación.

VI.- Calquera outra que non sexa competencia exclusiva da Asamblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 21. Corresponde a Asamblea Xeral Extraordinaria:

I.- Acordo de remuneración dos membros do órgano de representación.

II.- Modificación dos estatutos.

III.- Disolución da Asociación.

V.-Expulsión de socios, a proposta da Xunta Directiva.

VI.- Constitución de Federacións ou integración nelas.

CAPITULO CUARTO

SOCIOS

Artigo 22. Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas con capacidade de obrar que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación.

Artigo 23. Dentro da Asociación existirán as seguintes clases de socios/as:

I.-Socios/as fundadores, que serán aqueles que participen no acto de constitución da Asociación.

II.- Socios/as de número, que serán os que ingresen despois de constitución da Asociación.

III.- Socios/as de honor, os que polo seu prestixio ou por contribuír de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación, faranse acreedores a tal distinción. O nomeamento dos socios/as de honor corresponderá á Asamblea Xeral.

Artigo 24. Os socios/as causarán baixa por algunha das causas seguintes:

I.- Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.



- 5 -



II.- Por incumplimiento das obrigas económicas, se deixara de satisfacer dúas (2) cuotas periódicas, sempre e cando non sexa por motivos alleos ó propio socio ou por causas de forza maior.



Artigo 25. Os socios/as de número e fundadores terán os seguintes dereitos:

I.- Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.

II.- Disfrutar de tódalas ventaxas e beneficios que a Asociación poida obter.

III.- Participar nas assembleas con voz e voto.

IV.- Ser electores e elexibles para os cargos directivos.

V.- Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.

VI.- Facer suxerencias ós membros da Xunta Directiva para o mellor cumprimento dos fins da Asociación.

Artigo 26. Os socios e socias fundadores e de número terán as seguintes obrigas:

I.- Cumpli-los presentes Estatutos e os acordos válidos das Assembleas e da Xunta Directiva.

II.- Abonar as cuotas que se fixen.


III.- Asistir ás Assembleas e demais actos que se organicen.

IV.- Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ó cargo que ocupen.

Artigo 27. Os socios e socias de honor terán as mesmas obrigas cos fundadores e de número a excepción das previstas nos apartados II e IV do artigo anterior. (Satisface-las cuotas e desempeñar as obrigas do seu cargo). Asimismo, terán os mesmos dereitos a excepción dos que figuran nos apartados III e IV do artigo 26, (participar nas Assembleas con voz e voto e ser electores e elexibles para cargos directivos) poidendo asistir as assembleas con dereito a voto.

Artigo 28. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

I.- As cuotas de socios e socias periódicas e extraordinarias.



II.- As subvencións legados ou herdanzas que poidan recibir de forma legal por parte dos asociados e asociadas ou de terceiras persoas.

III.- Calquera outro recurso lícito.

Artigo 29. A Asociación no momento da súa constitución carece de Fondo Social.

Artigo 30. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de Nadal de cada ano.



CAPITULO QUINTO

DISOLUCION

Artigo 31. Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asamblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto, con arranxo ó disposto no artigo 20 dos presentes Estatutos.

Artigo 32. No caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora a cal, unha vez extinguidas as deudas, e se existise sobrante líquido o destinará para fines que non desvirtuen a súa natureza non lucrativa concretamente a algunha outra Asociación que teña como fin a integración das persoas con minusvalía.

DISPOSICION ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de Marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

En Ferrol, a 13 de agosto de 2004.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

A.NE.MI.

(Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía)
C/ Cabal esq.R/Colon, Blq.4, Pta.5, Ferrol.



Segundo a presente diligencia, o secretario da Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía (AS.PA.NE.MI.), certifica que:

Os presentes estatutos están redactados segundo o acordado na Asamblea Xeral Extraordinaria, levada a cabo por dita Asociación o día 23 de abril de 2004 adaptándose as modificacións feitas na Lei Orgánica 1/2002.

- Secretario -

Fdo.: Oscar J. Aneiros Felgar

Vº e Prace
a Presidenta



Fdo.: Mº Patricia Díaz Edreira

INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN ASOCIACIÓN Nº 5.015/1º
Inscrita a modificación por resolución do 15
de setembro 2004
ós sos efectos de publicidade de conformidade co artigo 22
da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.



O XEFE DA SECCIÓN

P.A. A Cabe do Negociado
Mª do Dila Martínez P.

En Ferrol a 13 de agosto de 2004

